

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

DECRETO 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

De acordo co previsto no artigo 75 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, toda actuación administrativa sobre as augas debe subordinarse ao contido da planificación hidrolóxica. Neste senso, o vixente Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa foi tramitado adoptando supletoriamente as normas do Estado, de acordo co procedemento establecido no Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, e na Instrución de planificación hidrolóxica, aprobada pola Orde ARM/2656/2008, do 10 de setembro. Non obstante, o 24 de outubro de 2013 o Tribunal de Xustiza da Unión Europea ditou unha sentenza que condena o Reino de España pola incorrecta transposición da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, entre outras causas, por considerar non axustado a dereito aplicar a cláusula de supletoriedade da Constitución española para entender que a Directiva 2000/60/CE, do 23 de outubro de 2000, se traspón nas demarcacións hidrográficas intracomunitarias a través da aprobación da Instrución da planificación hidrolóxica pola Orde ARM/2656/2008, do 10 de setembro.

En consecuencia, cómpre que a Comunidade Autónoma de Galicia se dote dun procedemento propio para a aprobación dos instrumentos de planificación hidrolóxica que desenvolva Augas de Galicia e, de entre eles, o máis relevante, o Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, respectando o mandato da Directiva 2000/60/CE, do 23 de outubro de 2000. Este é o obxecto do regulamento que se aproba, sen prexuízo de que na disposición derradeira terceira deste decreto se indique que se declara expresamente a aplicación supletoria da normativa estatal vixente reguladora da planificación hidráulica en todos aqueles aspectos que non estean previstos no regulamento.

O regulamento distingue entre dous tipos de planificación: a vinculada á xestión do dominio público hidráulico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, sendo este o seu ámbito territorial de aplicación, e a vinculada á execución de obras, sendo neste caso todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia o seu ámbito territorial. A coordinación



entre os dous tipos de planificación resólvese sinalando que na aprobación de cada instrumento da planificación relacionarán explicitamente as obras de interese da Comunidade Autónoma (artigo 5).

O regulamento estrutúrase en catro capítulos. No capítulo I (artigos 1 a 5) indícase o obxecto da planificación e os seus instrumentos, que quedan determinados no devandito Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, xunto cos seus programas de medidas, de control e seguimento, e programas específicos; no Plan de seca, e nos plans de xestión do risco de inundacións. A planificación das obras concrétese no Plan xeral galego de abastecemento, no Plan xeral galego de saneamento e nos plans de zona de abastecemento e saneamento. Neste capítulo indícanse igualmente a finalidade, obxectivos e efectos da planificación hidrolóxica, segundo o previsto nos artigos 76 e 24 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

No capítulo II (artigos 6 a 14) regúlase o contido do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, estruturado nas dúas bases fundamentais da memoria e a normativa, relacionando a documentación e información que debe conter; determínase a obriga de incluír un rexistro de zonas protexidas, establécense as cuestións que deben ser consideradas no programa de medidas e como considerar os caudais ecolóxicos. Igualmente, neste capítulo regúlase o procedemento para a formulación e aprobación do plan hidrolóxico, que garante a participación pública de todos os sectores e institucións afectados; a súa coordinación co procedemento de avaliación ambiental estratéxica e un procedemento de revisión simplificado para modificacións non substanciais del. Prevese tamén a emisión dun informe anual de seguimento do plan, que deberá ser público.

O capítulo III (artigos 15 a 17), que desenvolve os artigos 36 a 38 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, dedícase aos plans xerais galegos de abastecemento e saneamento, indicando os respectivos contidos, así como o procedemento de elaboración e aprobación, que igualmente garante a participación pública.

Finalmente, o capítulo IV (artigos 18 a 20) regula o Plan de seca e os plans de xestión do risco de inundacións, igualmente especificando os respectivos contidos e o procedemento de elaboración e aprobación; así mesmo, habilítase ao Consello da Xunta para adoptar as medias extraordinarias en relación co uso do dominio público hidráulico que sexan necesarias en episodios de seca, especificando a declaración de utilidade pública para os efectos de ocupación dos terreos.



Ademais de aprobar o regulamento da planificación hidrolóxica, o decreto tamén se ocupa de determinadas cuestións particulares en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Na disposición adicional primeira determínase un procedemento de valoración de danos ao dominio público hidráulico, de acordo co previsto no réxime sancionador da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, de xeito que se incrementa a seguridade xurídica dos suxeitos interesados nos procedementos sancionadores.

Na disposición adicional segunda establécese que son traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico a roza en zona de servidume sempre que non implique corta de árbores, nin a retirada de árbores mortas ou de lixo e o mantemento das estacións de medida de caudais. Deste modo, estas operacións so necesitarán de declaración responsable, axilizando os traballos realizados especialmente por concellos.

Na disposición adicional terceira determínase a distribución de competencias que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de seguridade de presas, encoros e balsas, referidas tanto ás situadas no dominio público hidráulico da eemarcación hidrográfica de Galicia-Costa, como ás situadas fóra del, especificando as funcións que nese ámbito deben exercer tanto a Administración hidráulica de Galicia como a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

A norma recolle o establecemento do réxime transitorio da vixente planificación hidrolóxica, dos procedementos sancionadores e do funcionamento do Consello para o Uso Sustentable da Auga.

Na disposición derogatoria inclúese a derogación expresa do Decreto 16/1987, do 14 de xaneiro, do Plan hidrolóxico das bacías intracomunitarias; do artigo 74 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, aprobado polo Decreto 130/1997, do 14 de maio, debido á regulación sobre caudais ecolóxicos contida no regulamento que se aproba por este decreto, e a do Decreto 555/2005, do 10 de novembro, polo que se adoptan medidas provisionais en relación coa utilización do dominio público hidráulico, xa que co novo proceso de planificación hidrográfica a mencionada norma esgota a súa eficacia.

Na disposición derradeira primeira modifícase a composición do Consello para o Uso Sustentable da Auga, previsto no artigo 16 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de



Galicia, para que a súa composición o faga equiparable ao Consello da Auga das confederacións hidrográficas, xa que na composición que establece actualmente o Estatuto de augas de Galicia non se prevía a presenza das administracións, o que o convertía nun instrumento incompleto.

Así mesmo, nesta disposición concrétase o exercicio de competencias en materia de seguridade de presas, encoros e balsas, en consonancia co disposto na disposición adicional terceira.

Na disposición derradeira segunda engádesse unha nova condición no artigo 7 do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, de modo que se asegure que cando se executa unha obra polo procedemento de colaboración técnico-financiera se comprobe o compromiso da entidade local coa xestión da infraestrutura, avaliando o funcionamento de actuacións executadas nos cinco anos anteriores, que deberán estar en servizo e en bo estado de conservación.

A norma complétase coa mencionada declaración expresa de supletoriedade da normativa estatal en materia de planificación hidrolóxica.

Na súa virtude, en exercicio da facultade prevista na disposición derradeira primeira da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, por proposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de acordo co Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día quince de xaneiro de dous mil quince,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento*

Apróbase o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia, cuxo texto se inclúe a seguir.

Disposición adicional primeira. *Valoración de danos ao dominio público hidráulico*

Os criterios que empregará Augas de Galicia para a determinación dos danos causados e beneficios obtidos nos procedementos sancionadores regulados no títu-



lo VII da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, serán os que se indican a seguir:

1. Nos procedementos sancionadores por infraccións referidas ás verteduras que poidan alterar a calidade da auga ou as condicións ambientais ou hidráulicas do medio receptor, efectuadas sen contar coa autorización correspondente, terase en conta o custo do tratamento necesario para evitar a contaminación causada pola vertedura, así como a súa orixe e o medio receptor, de acordo co baremo que se engade no anexo deste decreto.

2. No resto de procedementos sancionadores, ponderarase o valor económico do dominio público e das obras hidráulicas, de acordo cos criterios seguintes:

a) No suposto de captación ou extracción de auga sen autorización ou concesión, tomarase en conta o prezo medio do metro cúbico de subministración de auga no concello de que se trate, multiplicado polo consumo correspondente a un ano, determinado por medida directa mediante contador, no caso de existir, ou ben estimado en función do uso a que se destine a auga ilegalmente aproveitada.

b) No suposto de extracción de areas ou aproveitamento de materiais sen autorización, terase en conta o custo unitario deles, determinado segundo o custo de mercado, multiplicado polo volume de areas ou materiais extraído.

c) No suposto de execución de obras ou outras construcións en zona de policía sen autorización, incluíndo a ocupación das canles e leitos, os depósitos de residuos e a instalación de estruturas móbiles, así como a execución de sementeiras ou plantacións, terase en conta o dez por cento do orzamento das actuacións realizadas, determinado directamente segundo o que indique o proxecto, ou ben estimado de acordo cos custos de mercado. No caso de depósito de residuos, tomarase en conta o custo do traslado e do tratamento por parte de xestor autorizado do dez por cento dos residuos depositados.

d) No suposto de danos a obras hidráulicas, de verteduras non autorizadas a sistemas de saneamento ou de incumprimento das autorizacións de vertedura a sistemas de saneamento, tomaranse en conta os criterios definidos no artigo 36 do Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, aprobado polo Decreto 141/2012, do 21 de xuño.

e) No suposto de corta indebida de árbores, terase en conta o custo de mercado da madeira, en función da especie de que se trate.



Disposición adicional segunda. *Actuacións menores de mantemento e conservación*

1. Considéranse actuacións menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico, sempre que se executen fóra de espazos protexidos, as seguintes:

a) Retirada de árbores mortas e podas de árbores que impidan accesos á canle ou á súa servidume de paso, sempre que non impliquen perda do substrato arbóreo da ribeira.

b) Retirada de árbores mortas e podas de árbores que reduzan a capacidade da canle.

c) Retirada de elementos arrastrados pola corrente que obstrúan a canle e especialmente nas obras de paso sobre ela, ou que constitúan un elemento de degradación ou contaminación do dominio público hidráulico.

d) Mantemento das seccións de medición de caudais das redes oficiais de estacións de medición.

2. A execución destas actuacións realizarase logo da presentación a Augas de Galicia, cun mínimo de quince días de antelación, dunha declaración responsable, de acordo co modelo que se aprobe, pola que o/a promotor/a se comprometa ao cumprimento dos requisitos establecidos.

Augas de Galicia reserva para si facultade de comprobar a veracidade e exactitude dos datos consignados na declaración, dispoñendo para estes efectos as oportunas tarefas de inspección.

3. Promoverase a colaboración coas entidades locais para a execución destas actuacións.

Disposición adicional terceira. *Órganos competentes en materia de seguridade de presas, encoros e balsas*

1. En cumprimento do artigo 360.2 do Regulamento do dominio público hidráulico que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, faise efectiva a atribución de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia para designar os órganos competentes, en materia de seguridade de presas, encoros e balsas situadas no dominio público hidráulico



cuxa xestión lle corresponda e, en todo caso, en relación coas situadas fóra do dominio público hidráulico no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, nos seguintes termos:

a) Corresponde a Augas de Galicia o exercicio das seguintes competencias relativas á seguridade de presas, encoros e balsas situadas no dominio público hidráulico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, así como das situadas fóra do dominio público hidráulico en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia:

1º. Aprobar a clasificación das presas, encoros e balsas.

2º. Aprobar as normas de explotación e os plans de emerxencia das presas, encoros e balsas, logo de informe favorable preceptivo, neste último caso, da Comisión Galega de Protección Civil.

3º. A xestión e a actualización do Rexistro de Seguridade de Presas, Encoros e Balsas da Comunidade Autónoma de Galicia.

4º. A autorización e o rexistro de entidades colaboradoras en materia de control da seguridade de presas, encoros e balsas.

5º. O exercicio da potestade sancionadora prevista na vixente normativa de augas en materia de seguridade de presas, encoros e balsas, no ámbito das súas competencias nesta materia.

A creación dos citados rexistros, e o exercicio das competencias previstas nos puntos 3 e 4 exerceranse conforme o que estableza a consellería competente en materia de augas mediante orde.

b) Ademais, Augas de Galicia exercerá en relación con todas as presas, encoros e balsas situadas no dominio público hidráulico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa as seguintes competencias en materia de seguridade:

1º. Emitir informe sobre os proxectos, así como as circunstancias concretas que se presenten no momento de proceder a un cambio de fase ou etapa na vida da infraestrutura, ou de producirse o outorgamento ou a renovación da concesión.

2º. Inspeccionar a construción de novas presas, encoros e balsas, informando sobre o cumprimento dos requisitos de seguridade exixidos no proxecto.



3º. Avaliar o contido das revisións de seguridade e dos informes de seguridade.

4º. Establecer, por razóns de seguridade, condicionantes á explotación ordinaria e ordenar baleirados parciais ou totais.

5º. Velar polo cumprimento de todas e cada unha das obrigas que en materia de seguridade corresponden aos titulares das presas, encoros e balsas.

c) Con respecto das presas, encoros e balsas situadas fóra do dominio público hidráulico no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, a consellería competente sobre a actividade para a que se destine a infraestrutura exercerá as seguintes competencias en materia de seguridade:

1º. Emitir informe sobre os proxectos, así como as circunstancias concretas que se presenten no momento de proceder a un cambio de fase ou etapa na vida da infraestrutura, ou de producirse o outorgamento ou a renovación da concesión.

2º. Inspeccionar a construción de novas presas, encoros e balsas, informando sobre o cumprimento dos requisitos de seguridade exixidos no proxecto.

3º. Avaliar o contido das revisións de seguridade e dos informes de seguridade.

4º. Establecer, por razóns de seguridade, condicionantes á explotación ordinaria e ordenar baleirados parciais ou totais.

5º. Velar polo cumprimento de todas e cada unha das obrigas que en materia de seguridade corresponden aos titulares das presas, encoros e balsas.

6º. Ademais, remitirán a Augas de Galicia a información relativa ás presas, encoros e balsas de altura superior a 5 metros ou de capacidade de almacenamento maior de 100.000 metros cúbicos co obxecto de incorporalas ao Rexistro de Seguridade de Presas, Encoros e Balsas da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Non son obxecto desta disposición as presas, encoros e balsas que almacenen es-tériles mineiros e as de residuos, que se rexerán pola súa lexislación específica, de acordo coa disposición adicional primeira do Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.



Disposición transitoria primeira. *Instrumentos de planificación hidrolóxica aprobados ou en tramitación*

1. Os instrumentos de planificación en materia de augas de Galicia aprobados con anterioridade á entrada en vigor deste decreto permanecerán vixentes mentras non sexan expresamente derogados polos que se aproben na súa execución.

2. As normas do regulamento aprobado por este decreto serán de aplicación aos procedementos de planificación en materia de augas que se teñan iniciado e non concluído na data de entrada en vigor deste decreto.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos sancionadores*

Os procedementos sancionadores incoados con anterioridade á entrada en vigor deste decreto continuarán a súa tramitación e resolveranse de acordo coa normativa aplicable naquel momento.

Disposición transitoria terceira. *Funcións do Consello para o Uso Sustentable da Auga*

Mentres non se constitúa o Consello para o Uso Sustentable da Auga de acordo coa composición que aproba o presente decreto, as funcións que lle son encomendadas no artigo 16.4.a) e b) da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, serán asumidas polo Consello Reitor de Augas de Galicia.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas as seguintes normas:

- a) Decreto 16/1987, do 14 de xaneiro, do Plan hidrolóxico das bacías intracomunitarias.
- b) Artigo 74 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, aprobado polo Decreto 130/1997, do 14 de maio.
- c) Decreto 555/2005, do 10 de novembro, polo que se adoptan medidas provisionais en relación coa utilización do dominio público hidráulico.

Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto e no regulamento que aproba.



Disposición derradeira primeira. *Modificación do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia*

1. Modifícase o número 1 do artigo 11 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Corresponde á Presidencia de Augas de Galicia presidir o Consello para o Uso Sustentable da Auga. A persoa titular da Dirección de Augas de Galicia desempeña a Vicepresidencia do Consello».

2. Modifícase o número 2 do artigo 11 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, que queda redactado da seguinte maneira:

«2. Integran o Consello para o Uso Sustentable da Auga os/as seguintes vogais:

a) As persoas titulares dos seguintes órganos e entidades da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, a Axencia Galega de Infraestruturas e a Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

b) As persoas titulares dos seguintes órganos e entidades pertencentes á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia: a Dirección Xeral de Administración Local e a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, da Consellería de Economía e Industria; a Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, a Secretaría Xeral do Mar e a Presidencia de Portos de Galicia, da Consellería do Medio Rural e do Mar; a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, da Consellería de Sanidade.

c) Unha persoa representante de cada unha das confederacións hidrográficas con competencias no territorio de Galicia.

d) Unha persoa representante da Demarcación de Costas do Estado en Galicia.

e) Cinco persoas representantes das administracións locais competentes, propostas pola Federación Galega de Municipios e Provincias.



f) Tres persoas representantes das organizacións non oubernamentais de carácter ambiental máis representativas de Galicia, propostas por elas e escollidas atendendo ao seu número de afiliados na Comunidade Autónoma de Galicia.

g) Tres persoas representantes das organizacións sindicais con máis implantación en Galicia, propostas por elas.

Así mesmo, tamén terán representación neste consello aquelas organizacións sindicais que estean presentes na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas, cunha persoa representante por cada unha delas, agás que xa teñan representación neste en atención ao criterio sinalado no parágrafo anterior.

h) Dúas persoas representantes das organizacións empresariais intersectoriais máis representativas de Galicia, propostas por elas.

i) Tres persoas representantes das universidades públicas de Galicia, propostas por elas.

j) Dúas persoas representantes das entidades de abastecemento de auga, propostas polas súas asociacións máis representativas.

k) Catro persoas representantes dos/das usuarios/as industriais da auga, dos cales dous corresponderán aos aproveitamentos hidroeléctricos, propostas polas súas asociacións e organizacións máis representativas.

l) Dúas persoas representantes dos/das usuarios/as agrícolas e gandeiros da auga que formen parte do Consello Agrario de Galicia.

m) Unha persoa representante dos/das usuarios/as forestais que forme parte do Consello Forestal de Galicia.

n) Dúas persoas representantes das asociacións de consumidores/as e dos/das usuarios/as máis representativas, propostas por elas.

o) Unha persoa representante das asociacións de veciños, proposta entre as máis representativas, atendendo ao seu ámbito de actuación e ao seu número de afiliados.



p) Unha persoa representante das comunidades dos/das usuarios/as legalmente constituídas, proposta pola asociación máis representativa deles ou, no seu defecto, pola Dirección de Augas de Galicia.

q) Dúas persoas expertas na materia, propostas pola persoa titular da consellería competente en materia de augas.

Nomearase unha persoa suplente dos/as vogais titulares pertencente ao órgano ou entidade que represente para os casos de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa xustificada».

3. Engádese un parágrafo no número 3 do artigo 11 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, que queda redactado da seguinte maneira:

«As persoas integrantes do Consello para o Uso Sustentable da Auga non recibirán indemnización ningunha pola pertenza ao dito consello con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia».

4. Modifícase a letra m) da alínea B do artigo 17 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, que queda redactado da seguinte maneira:

«m) As competencias establecidas na normativa xeral en materia de augas relativas á seguridade de presas, encoros e balsas que correspondan a Augas de Galicia».

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas*

1. Introdúcese unha nova letra f) no número 2 do artigo 7 do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, que queda redactada da seguinte maneira:

«f) Certificación expedida polo concello interesado, da efectiva utilización e do bo estado de mantemento e conservación das obras ou actuacións executadas pola Administración hidráulica de Galicia nos últimos cinco anos nese concello».



2. A actual letra f) do número 2 do artigo 7 do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, pasa a ser a nova letra g) do dito número 2.

3. Engádese un parágrafo no número 2 do artigo 8 do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, que queda redactado da seguinte maneira:

«O mal uso ou o abandono das obras executadas pola Administración hidráulica de Galicia nos últimos cinco anos poderá ser causa de denegación da colaboración solicitada, agás que a entidade local presente un informe coas medidas correctoras precisas e un plan de acción tutelado por técnicos de Augas de Galicia».

Disposición derradeira terceira. *Cláusula de supletoriedade*

Declárase expresamente a aplicación supletoria da normativa estatal vixente reguladora da planificación hidrolóxica en todos aqueles aspectos que non estean previstos no regulamento que se aproba por este decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación de desenvolvemento*

Autorízase a persoa titular da consellería competente en materia de augas para ditar cantas disposicións resulten necesarias para o desenvolvemento e para a aplicación do previsto no regulamento que se aproba por este decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor aos vinte días seguintes ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, quince de xaneiro de dous mil quince

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Ethel María Vázquez Mourelle
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas



Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia**CAPÍTULO I
Disposicións xerais****Artigo 1. *Obxecto e instrumentos da planificación hidrolóxica***

1. É obxecto deste regulamento regular os procedementos para a elaboración, aprobación e revisión do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa e do resto de instrumentos de planificación hidrolóxica en materia de augas en Galicia, en desenvolvemento do establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

2. Son instrumentos da planificación que determinan a xestión da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, os seguintes:

a) O Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, xunto cos seus programas de medidas, de control e seguimento, e programas específicos.

b) O Plan de seca.

c) Os plans de xestión do risco de inundacións.

3. Como concreción sectorial das infraestruturas necesarias para unha axeitada xestión do abastecemento e saneamento en Galicia, en coordinación coas directrices dos plans hidrolóxicos das diferentes demarcacións hidrográficas con competencias no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e co fin adicional de servir de directriz ás competencias locais na materia, prevense os seguintes instrumentos:

a) O Plan xeral galego de abastecemento.

b) O Plan xeral galego de saneamento.

c) Os plans de zona de abastecemento e saneamento.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. No caso do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, do Plan de seca e dos plans de inundacións, o seu ámbito de aplicación comprende o territorio



de todas as bacías hidrográficas sitas integramente dentro da Comunidade autónoma de Galicia, así como as augas de transición asociadas a elas, xunto coas sub-bacías vertentes na marxe esquerda da ría de Ribadeo e as augas costeiras ata o límite sur da liña con orientación 270° que pasa pola Punta Bazar, ao norte da desembocadura do Miño e ata o límite leste da liña con orientación 0° que pasa pola punta de Rocas Brancas, ao oeste da ría de Ribadeo.

2. No caso dos plans xerais galegos de abastecemento e saneamento o seu ámbito de aplicación comprende o todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3. *Finalidade e obxectivos da planificación hidrolóxica*

1. De acordo co previsto no artigo 76.1 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a planificación hidrolóxica, no ámbito das augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, ten como finalidade acadar o bo estado ecolóxico do dominio público hidráulico e das masas de auga, compatibilizándoo coa garantía sustentable das demandas de auga, sen prexuízo do establecido no artigo 40.1 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, e nas normas básicas contidas no Regulamento da planificación hidrolóxica.

2. Para acadar esta finalidade, a planificación ten como obxectivos:

a) Acadar o bo estado das masas de auga superficiais e subterráneas e prever a súa deterioración adicional.

b) Realizar unha xestión integrada e a protección a longo prazo dos recursos hídricos, de cara a dar resposta ás demandas de auga, con criterios de racionalidade e en función das disponibilidades reais, garantindo o equilibrio co ambiente natural, os caudais ou as demandas ambientais.

c) Garantir unha xestión equilibrada e integradora do dominio público hidráulico.

d) Recuperar os sistemas en que a presión sobre o medio hídrico tivese producido unha deterioración, protexendo e mellorando o medio acuático e os ecosistemas acuáticos e reducindo a contaminación.



e) Analizar os efectos económicos, sociais, ambientais e territoriais do uso da auga, procurando a racionalización do seu uso e dos efectos da aplicación do principio de recuperación de custos ao beneficiario/a, así como o cumprimento dos principios de xestión da auga legalmente establecidos.

f) Velar pola conservación e mantemento das masas de auga, das zonas húmidas e dos ecosistemas.

g) Contribuír a paliar os efectos das inundacións e das secas.

3. De acordo co previsto no artigo 24.1 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a actuación da Administración da Comunidade Autónoma e das entidades locais no ámbito do abastecemento de poboacións garantiralles a subministración de auga en cantidade e calidade axeitada a todos os núcleos de poboación legalmente constituídos no marco que indique a planificación hidrolóxica aplicable.

4. De acordo co previsto no artigo 24.2 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, no ámbito do saneamento e a depuración das augas residuais, a actuación da Administración da Comunidade Autónoma e das entidades locais terá como finalidade contribuir á consecución do bo estado ecolóxico das augas e dos seus ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos que nesta materia fixe a lexislación aplicable. Igualmente, propiciarase a reutilización das augas residuais xa depuradas cando iso sexa viable en función dos usos previstos, das condicións sanitarias exixibles e de conformidade cos estudos técnicos e económicos que se realicen.

Artigo 4. *Efectos da planificación hidrolóxica*

1. Todas as actuacións da Administración hidráulica de Galicia e das outras administracións en materias relacionadas co contido dos instrumentos de planificación hidrolóxica deben axustarse aos termos desta.

2. O Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa vinculará os plans de ordenación do territorio e urbanísticos, que se deberán adaptar ás súas determinacións.



En particular, as previsións do Plan hidrolóxico relativas ao establecemento de zonas inundables, de reservas de auga e de terreos necesarios para a realización de obras e actuacións, así como as relativas ás zonas, bacías e masas de auga protexidas, deben ser respectadas polos diferentes instrumentos de ordenación do territorio e de planificación urbanística, os cales incorporarán a finalidade prevista no Plan hidrolóxico mediante a adecuada calificación do perímetro afectado.

3. O control da adaptación indicada no número anterior corresponde a Augas de Galicia a través dos informes previstos no artigo 39 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

4. A aprobación do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, así como do seu programa de medidas, determinará respecto dos seus estudos, traballos de investigación, actuacións, proxectos e obras previstas a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados polos proxectos e estudos hidráulicos para efectos da expropiación forzosa, a ocupación temporal e a imposición ou modificación de servidumes.

A declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación refírense tamén aos bens e dereitos afectados polo replanteamento dos proxectos e polas modificacións de obras que se poidan aprobar con posterioridade.

5. Os plans e programas hidrolóxicos non crean por si mesmos dereitos a favor dos particulares nin das administracións.

Artigo 5. *Obras de interese da Comunidade Autónoma de Galicia*

1. Cada un dos instrumentos de planificación hidrolóxica e de obras hidráulicas, previstos no presente regulamento determinará expresamente as obras que se consideran de interese da Comunidade Autónoma de Galicia de entre as que se programen no devandito instrumento.

2. O resto de obras previstas nos instrumentos de planificación serán executadas polas administracións competentes en cada caso, sen prexuízo de que as entidades locais poidan acudir aos mecanismos de colaboración previstos no Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas.



CAPÍTULO II

O Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa

Artigo 6. *Contido obrigatorio do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa*

De acordo co previsto no artigo 78.1 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, o Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa necesariamente deberá incluír os documentos seguintes:

a) Memoria, cos seguintes contidos mínimos acompañados dos seus anexos:

a.1. Descrición xeral da demarcación hidrográfica, que incluírá:

1º. Para as augas superficiais tanto continentais como costeiras e de transición, mapas cos seus límites e localización das diferentes categorías de masas de auga, mapas das ecorrexións, así como a identificación das condicións de referencia para os tipos de masas de auga. No caso das augas artificiais e moi modificadas, incluírase a motivación condacente a tal calificación.

2º. Para as augas subterráneas, mapas coa localización e límites das correspondentes masas de auga.

3º. Un inventario dos recursos superficiais e subterráneos que inclúa os seus réximes hidrolóxicos e as características básicas de calidade das augas.

a.2. Descrición xeral dos usos, das presións e das incidencias antrópicas significativas sobre as augas, que inclúe:

1º. Un inventario dos usos e demandas existentes, así como unha estimación da previsión dos usos e demandas previsibles, xunto coa determinación de criterios para definir as prioridades e compatibilidades deses usos e a asignación e reserva de recursos para eles, e a determinación dos caudais ecolóxicos.

2º. Unha estimación das presións sobre o recurso, as fontes de contaminación puntual e difusa, así como as extraccións.

3º. A definición dos sistemas de explotación do plan.



a.3. Identificación e mapas de zonas protexidas, determinadas consonte o disposto no artigo seguinte.

a.4. As redes de control establecidas para o seguimento do estado das augas de superficie, das augas subterráneas e das zonas protexidas, e mais os resultados dese control.

a.5. A lista de obxectivos ambientais para as augas de superficie, as augas subterráneas e as zonas protexidas, que incluírá os prazos previstos para acadalos, así como a identificación das condicións para eventuais excepcións e prórrogas.

a.6. Un resumo da análise económica dos usos da auga, que incluírá a descrición das situacións que poidan permitir excepcións na aplicación do principio de recuperación de custos.

a.7. Os criterios sobre estudos, actuacións e obras para prever os danos debidos a inundacións, enchentes e outros fenómenos hidráulicos, así como o sistema global de indicadores hidrolóxicos que permitan prever as situacións de seca e servir de referencia para a declaración formal de situacións de alerta e eventual seca.

a.8. Un resumo do programa de medidas, elaborado co contido que se describe no artigo 8.

a.9. Un rexistro dos programas e dos plans hidrolóxicos máis detallados relativos a subbacías, sectores, cuestións específicas e categorías de augas, acompañado dun resumo dos seus contidos. Neste punto necesariamente constarán:

1º. Os plans indicados no artigo 1.2.

2º. As determinacións expresas que para a demarcación hidrográfica de Galicia-Costa conteña o Plan hidrolóxico nacional.

a.10. Un resumo das medidas de consulta e información pública tomadas, os seus resultados e os cambios conseguintes efectuados no plan.

a.11. A lista das autoridades competentes designadas.

a.12. Os puntos de contacto e os procedementos para obter a documentación de base e a información requirida polas consultas públicas.



b) Normativa, que comprende os contidos do plan hidrolóxico con carácter normativo, e que polo menos se referirán a estes aspectos:

- b.1. Identificación e delimitación de masas de auga de superficie.
- b.2. Condicións de referencia.
- b.3. Designacións de augas artificiais e augas moi modificadas.
- b.4. Identificación e delimitación de masas de auga subterráneas.
- b.5. Prioridade e compatibilidade de usos.
- b.6. Réximes de caudais ecolóxicos.
- b.7. Definición dos sistemas de explotación.
- b.8. Asignación e reserva de recursos.
- b.9. Definición de reservas naturais fluviais.
- b.10. Réxime de protección especial.
- b.11. Obxectivos ambientais e deterioración temporal do estado das masas de auga.
- b.12. Condicións para as novas modificacións ou alteracións.
- b.13. Organización e procedemento para facer efectiva a participación pública.

Artigo 7. *Rexistro de zonas protexidas*

1. O Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa debe incluír un rexistro de zonas protexidas pola lexislación ambiental e de protección da natureza.

2. Poderán ser declaradas de protección especial determinadas zonas, bacías ou tramos de bacías, acuíferos ou masas de auga polas súas características naturais ou interese ecolóxico, de acordo coa lexislación ambiental e de protección da natureza.

3. En particular, no rexistro de zonas protexidas do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa incluíranse as seguintes:

a) Todas as zonas que fosen obxecto de declaración de protección ao abeiro dunha norma específica de protección das augas superficiais ou subterráneas, ou de conservación dos hábitats e das especies que dependen directamente da auga.



b) As masas de auga destinadas á produción de auga para consumo humano que proporcionen unha media de máis de dez metros cúbicos diarios ou abastezan a máis de cincuenta persoas; así como aquelas outras que nun futuro se prevexa destinar a este uso.

c) As zonas declaradas de protección de especies acuáticas significativas desde o punto de vista económico.

d) As zonas de uso recreativo ou de baño.

e) As zonas declaradas vulnerables en aplicación das normas sobre protección das augas contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias.

f) As zonas sensibles declaradas en aplicación das normas sobre tratamento de augas residuais urbanas.

g) Os perímetros de protección de augas minerais e termais aprobados de acordo coa súa lexislación específica.

h) As masas de auga superficial identificadas como reservas naturais fluviais.

i) As zonas, bacías ou tramos de bacías, acuíferos ou masas de auga declarados de protección especial.

As zonas húmidas de importancia internacional incluídos na lista do Convenio relativo a zonas húmidas de importancia internacional, especialmente como hábitats de aves acuáticas, feito en Ramsar o 2 de febreiro de 1971, así como as zonas húmidas incluídas no Inventario nacional de zonas húmidas de acordo co previsto no Real decreto 435/2004, do 12 de marzo, polo que se regula o Inventario nacional de zonas húmidas.

j) Todas aquelas previstas no artigo 24.2 do Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo.

4. O resumo do rexistro requirido como parte do plan hidrolóxico incluírá mapas indicativos da situación de cada zona protexida, información ambiental e estado de conservación, se é o caso, e unha descrición da normativa conforme a cal foron designadas.

5. Para a elaboración e mantemento do rexistro de zonas protexidas, as administracións competentes por razón da materia facilitarán a Augas de Galicia a información necesaria



para manter actualizado este rexistro a través do Comité de Autoridades Competentes da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa e débese comunicar calquera modificación ou actualización das zonas incluídas.

Artigo 8. *Programa de medidas*

1. O programa de medidas indicado no artigo 6.a.8. deste regulamento deberá necesariamente ter os seguintes contidos:

a) As medidas necesarias para a aplicación da lexislación sobre protección da auga e, especificamente, as correspondentes a masas de auga destinadas á produción de auga para consumo humano.

b) As accións prácticas encamiñadas á aplicación do principio de recuperación de custos.

c) As medidas para fomento do uso eficiente e sustentable da auga.

d) Os controis sobre extracción e almacenamento da auga.

e) As medidas de control sobre verteduras e outras actividades con incidencia no estado das augas, incluíndo a ordenación das verteduras directas e indirectas ao dominio público hidráulico ou desde terra ao mar, así como, de ser o caso, unha identificación dos casos de autorización de verteduras ás augas subterráneas.

f) As medidas tomadas para o control das substancias prioritarias, para a prevención ou redución da repercusión dos incidentes de contaminación accidental e para evitar o aumento de contaminación das augas mariñas.

g) As medidas complementarias que se consideren necesarias para acadar os obxectivos ambientais establecidos, incluídos perímetros de protección, así como as directrices para a recarga e protección de acuíferos.

h) Os criterios de avaliación dos aproveitamentos enerxéticos, así como a determinación dos condicionantes para a súa execución e explotación.

i) Os estudos sobre actuacións relativas á prevención e defensa en materia de inundacións ou enchentes.



j) As infraestruturas básicas requiridas polo plan hidrolóxico.

k) A redución da contaminación microbiolóxica nas masas de auga costeiras e de transición das rías de Galicia, de acordo cos obxectivos establecidos no anexo II da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

l) Un programa económico-financeiro elaborado con periodicidade trienal para os efectos de establecer a cuantificación económica dos obxectivos específicos relativos á programación prevista na planificación hidrolóxica, e que deberá conter:

1º. Un estado en que se detallen os investimentos e gastos dos diferentes plans e programas previstos no período.

2º. Un estado en que se especifiquen as achegas do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia e doutras administracións e entidades, así como as derivadas doutras fontes de financiamento dos investimentos.

3º. A expresión dos obxectivos que se deben acadar durante o seu período de vixencia e, singularmente, os ingresos que se espera xerar.

4º. Unha memoria descritiva dos diferentes conceptos que se inclúan no programa económico-financeiro.

2. As administracións con competencias no desenvolvemento das actuacións que se incluírán no programa de medidas deben facilitar a Augas de Galicia, a través do Comité de Autoridades Competentes da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, cunha antelación suficiente, as actuacións que se van desenvolver, con indicación da súa programación temporal e económica.

Así mesmo, para o seguimento do cumprimento do programa de medidas, deberán facilitar a información do grao de execución destas, así como as modificacións ou actualizacións que se propoñan, valorando na medida do posible a súa repercusión sobre o estado das masas de auga. Para aquelas medidas que non se desenvolvan, deberase achegar a xustificación da non realización para os efectos da súa inclusión no Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa.

Artigo 9. *Caudais ecolóxicos*

1. Os caudais ecolóxicos fixados no Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, de acordo co establecido nos artigos 59.7 e 98 do texto refundido da Lei



de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, e no artigo 26 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, non terán o carácter de uso e débense considerar como unha restrición que se impón con carácter xeral aos sistemas de explotación. Debe ser respectada por todos os aproveitamentos de auga e opera con carácter preferente sobre os usos previstos nos sistemas de explotación. En todo caso, aplicarase tamén aos caudais ambientais a regra sobre a supremacía do uso para abastecemento de poboacións, nos termos do artigo 60 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, cando non exista unha alternativa de subministración viable que permita a súa axeitada atención.

2. Tanto as captacións directas de auga superficial fluente pola canle como as captacións de augas superficiais ou subterráneas a través de pozo ou dispositivos semellantes que detraían auga das inmediacións da canle afectando significativamente o caudal circulante quedan obrigadas a respectar o réxime de caudais ecolóxicos.

3. A inexistencia de obriga expresa en relación co mantemento do réxime de caudais ecolóxicos nas autorizacións e concesións outorgadas pola Administración hidráulica non exonerará o concesionario/a ou titular da autorización do cumprimento das obrigas que, a respecto destes caudais, queden fixadas no Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa.

4. Nos ríos non regulados, a exigencia do réxime de caudais ecolóxicos quedará limitada a aqueles momentos en que a dispoñibilidade natural o permita. Se a dispoñibilidade natural non permite acadar o réxime de caudais ecolóxicos establecido, Augas de Galicia prohibirá levar a cabo derivacións de caudal desde tomas directas das canles afectadas e desde calquera outra captación, sen prexuízo do establecido no número 1 para o caso de abastecemento de poboacións.

5. Con anterioridade á implantación dos réximes de caudais ecolóxicos que determine o plan hidrolóxico, Augas de Galicia desenvolverá un proceso de concertación que abranca os niveis de información, consulta pública e participación activa. O proceso de concertación levarase a cabo ben de xeito independente para cada un dos sistemas de explotación definidos no Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa ben agrupando os sistemas nas zonas hidrográficas definidas no Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro. A implantación efectiva dos réximes de caudais ecolóxicos poderá realizarse progresivamente por tramos de río.



6. O réxime de caudais ecolóxicos será controlado por Augas de Galicia nas estacións de control e medición dispoñibles para esta finalidade. Ademais, os/as titulares de autorizacións e concesións, nos puntos de toma e derivación de auga tamén deberán poñer á disposición de Augas de Galicia os datos dos caudais circulantes.

Artigo 10. *Programas específicos*

1. O Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa poderase complementar coa elaboración de plans e programas específicos para tratar aspectos individualizados da xestión da auga que poidan afectar, entre outros, os ámbitos seguintes:

- a) Bacías e sub-bacías da demarcación hidrográfica.
- b) As rías de Galicia.
- c) Sectores particulares da economía.
- d) Categorias de augas ou ecosistemas particulares, ou problemas específicos das augas.
- e) Unidades hidroxeolóxicas.

2. Os programas específicos elaboraranse e aprobaranse segundo o procedemento previsto no artigo 17 deste regulamento.

Artigo 11. *Procedemento de elaboración do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa*

1. De acordo co previsto no artigo 77.1 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, corresponde a Augas de Galicia a competencia para formular e elaborar o Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, de acordo coas etapas que se describen a seguir.

2. Na etapa preliminar á elaboración e proposta de revisión do plan hidrolóxico, preparárase un programa de traballo, co calendario sobre as fases de elaboración do plan, que incluíra o estudo xeral da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa e as fórmulas para a consulta pública.



3. A proposta de programa de traballo poñerase á disposición do público cunha antelación mínima de tres anos respecto ao inicio do período a que se refira o plan, para que se formulen observacións e suxestións durante seis meses. Os documentos postos á disposición do público estarán accesibles en formato papel nas oficinas de Augas de Galicia e en formato dixital na súa páxina web. As observacións recibidas serán recollidas nun informe que constará como anexo ao plan.

4. Seguidamente, na primeira etapa de elaboración ou proposta de revisión do plan, elaborárase un esquema de temas importantes en materia de xestión das augas na demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, no cal se integrará a información facilitada polo Comité de Autoridades Competentes da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

5. O esquema de temas importantes remitirase ás partes interesadas cunha antelación mínima de dous anos respecto ao inicio do período a que se refira o plan, para os efectos de que poidan presentar no prazo de seis meses as propostas e suxestións que consideren oportunas. Igualmente remitirase ao Consello para o Uso Sustentable da Auga para que no mesmo prazo remita as súas propostas e suxestións. Simultaneamente, o esquema poñerase á disposición do público durante seis meses coa mesma accesibilidade que a establecida na alínea 3 deste artigo.

6. Durante o prazo de exposición pública indicado na alínea anterior, iniciárase a tramitación de avaliación ambiental estratéxica do plan, de acordo coas normas vixentes aplicables ao mencionado procedemento.

7. Augas de Galicia, unha vez ultimadas as consultas referidas aos números anteriores, realizará un informe sobre as propostas e suxestións presentadas, incorporando, cando for o caso, as que se consideren adecuadas ao esquema provisional de temas importantes en materia de xestión das augas, someténdose posteriormente a informe preceptivo do Consello Reitor de Augas de Galicia.

8. A primeira etapa rematará coa publicación na páxina web de Augas de Galicia do esquema de temas importantes, que terá en conta todas as actuacións levadas a cabo en execución das alíneas 4, 5, 6 e 7 deste artigo.

9. Na segunda etapa Augas de Galicia redactará a proposta de proxecto de plan hidrolóxico e o informe de sustentabilidade ambiental, tendo en conta a información facilitada polo



Comité de Autoridades Competentes da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, de acordo co esquema de temas importantes en materia de xestión de augas e co documento elaborado polo órgano ambiental dentro do proceso de avaliación ambiental, e tendo en conta as consultas efectuadas.

10. A proposta de proxecto do plan hidrolóxico e o informe de sustentabilidade ambiental remitiranse, cunha antelación mínima dun ano respecto do período a que se refira o plan, ás partes interesadas para que presenten no prazo de seis meses as propostas e suxestións que consideren oportunas. Igualmente, remitirase ao Consello para o Uso Sustentable da Auga para que no mesmo prazo remita as súas propostas e suxestións. Simultaneamente, a proposta de proxecto do plan hidrolóxico poñerase á disposición do público durante seis meses coa mesma accesibilidade que a establecida na alínea 3 deste artigo.

11. Augas de Galicia elaborará un informe en relación coas propostas recibidas nos trámites indicados na alínea anterior e, tendo en conta a memoria ambiental derivada do proceso de avaliación ambiental do plan, formulará unha proposta definitiva de proxecto do plan hidrolóxico, que será sometida á aprobación do Consello Reitor de Augas de Galicia.

Artigo 12. Procedemento de aprobación do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa

1. A proposta do proxecto do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, coa conformidade do Comité de Autoridades Competentes da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, será elevada polo Consello Reitor de Augas de Galicia ao Consello da Xunta a través da consellería competente en materia de augas.

2. Logo da súa aprobación por parte do Consello da Xunta, o plan será remitido ao Goberno do Estado para a súa aprobación final no marco do disposto no ordenamento xurídico aplicable.

3. Unha vez aprobado por real decreto o Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, a persoa titular da consellería competente en materia de augas ditará unha orde pola que se ordene publicar no *Diario Oficial de Galicia* a normativa a que se refire o artigo 6.b. deste regulamento.



Artigo 13. *Seguimento do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa*

1. Augas de Galicia levará a cabo o seguimento do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa e pode solicitar a información necesaria ao resto das administracións e entidades con competencias ou intereses en relación coa auga.

2. Anualmente presentarase perante o Consello Reitor de Augas de Galicia, así como perante o Consello para o Uso Sustentable da Auga, un informe sobre o desenvolvemento e a aplicación do plan, así como dos restantes instrumentos vixentes de planeamento hidrolóxico.

3. O informe mencionado na alínea anterior será igualmente remitido ao Goberno do Estado e será posto á disposición do público na páxina web de Augas de Galicia.

4. O informe de desenvolvemento e aplicación do plan deberá versar sobre estes aspectos:

- a) Evolución dos recursos hídricos naturais e dispoñibles, e da súa calidade.
- b) Evolución das demandas de auga.
- c) Grao de cumprimento dos réximes de caudais ecolóxicos.
- d) Estado das masas de auga superficiais e subterráneas.
- e) Aplicación do programa de medidas e efectos sobre as masas de auga.

5. Dentro do prazo de tres anos a partir da publicación do plan hidrolóxico ou da súa actualización, presentarase un informe intermedio que detalle o grao de aplicación do programa de medidas.

Artigo 14. *Revisión do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa*

1. O Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa será revisado, por iniciativa de Augas de Galicia, cando así o aconsellen os cambios ou as desviacións que se observen nos datos, hipóteses ou resultados do plan e, en todo caso, quince anos despois da entrada en vigor da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas e posteriormente cada seis anos.

2. O procedemento de revisión completa e periódica cada seis anos seguirá o establecido no artigo 11 deste regulamento.



3. Cando os cambios ou as desviacións que se observen nos datos, hipóteses ou resultados do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa así o aconsellen, o Consello Reitor de Augas de Galicia poderá acordar a revisión do plan previa á revisión establecida no número anterior.

Neste suposto, o procedemento de revisión do plan seguirá o establecido nos números 9 a 11 do artigo 11 deste regulamento, agás no caso de modificación substancial do esquema de temas importantes previsto no artigo 11.4. De producirse esta situación, seguirase o procedemento establecido nos números 4 a 11 do mesmo artigo.

4. As actualizacións do plan hidrolóxico comprenderán obrigatoriamente:

a) Un resumo de todos os cambios e actualizacións efectuados desde a publicación da versión precedente do plan.

b) Unha avaliación dos progresos realizados na consecución dos obxectivos ambientais, incluída a presentación en forma de mapa dos resultados dos controis durante o período do plan anterior e unha explicación dos obxectivos ambientais non acadados.

c) Un resumo e unha explicación das medidas previstas na versión anterior que non foron postas en marcha.

d) Un resumo de todas as medidas adicionais transitorias adoptadas desde a versión anterior para as masas de auga que probablemente non acaden os obxectivos ambientais previstos.

CAPÍTULO III

Os plans xerais galegos de abastecemento e saneamento

Artigo 15. *Obxecto do plan xeral galego de abastecemento*

De acordo co previsto no artigo 36 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, o plan xeral galego de abastecemento terá por obxecto:

a) Establecer os criterios xerais e os obxectivos para garantir axeitadamente o abastecemento de toda a poboación galega en coherencia coa lexislación e coa planificación hidrolóxica aplicable.



- b) Regular os principios xerais por que se deben rexer os servizos de abastecemento en coherencia co regulamento marco establecido no artigo 31 da Lei 9/2010.
- c) Dispoñer dun programa de accións específicas dirixidas á racionalización dos consumos de auga e o conseguinte aforro de recursos hídricos.
- d) Conter os criterios xerais, en coherencia cos plans de seca, para a elaboración por parte das entidades locais afectadas dos seus plans de emerxencia.
- e) Definir o marco xeral de financiamento das obras e das actuacións incluídas no plan.
- f) Establecer os criterios e a organización necesaria para o seguimento e, de ser o caso, a revisión do plan.
- g) Cantas outras determinacións sexan necesarias para os efectos da realización dos obxectivos da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Artigo 16. *Obxecto do plan xeral galego de saneamento*

De acordo co previsto no artigo 37 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, o plan xeral galego de saneamento terá por obxecto:

- a) Establecer os criterios xerais e os obxectivos de calidade que se deben cumprir en coherencia coa lexislación e co contido da planificación hidrolóxica aplicable.
- b) Regular os principios xerais por que se deben rexer os servizos de saneamento e depuración en coherencia co establecido no Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, aprobado polo Decreto 141/2012, do 21 de xuño.
- c) Dispoñer dun programa de accións específicas dirixidas á prevención da contaminación.
- d) Definir o marco xeral do financiamento das obras e das actuacións incluídas no plan.
- e) Establecer as normas e a organización para o seguimento e revisión do plan.



f) Cantas outras determinacións sexan necesarias para os efectos da realización dos obxectivos da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Artigo 17. *Procedemento de formulación e aprobación dos plans xerais galegos de abastecemento e saneamento*

1. De acordo co previsto no artigo 38.1 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, corresponde a Augas de Galicia a competencia para formular os plans xerais galegos de abastecemento e saneamento, de acordo coas etapas que se describen a seguir.

2. Os plans poderán subdividirse en plans de zona de abastecemento e plans de zona de saneamento.

3. Os plans serán aprobados inicialmente pola persoa titular da consellería competente en materia de augas, cuxa resolución será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e ordenará o inicio dos trámites indicados na alínea seguinte.

4. Os plans remitiranse ás partes interesadas, para os efectos de que poidan presentar no prazo de tres meses as propostas e suxestións que consideren oportunas. Igualmente, remitirase ao Consello para o Uso Sustentable da Auga para que, no mesmo prazo, emita o seu informe específico. Simultaneamente os plans poñeranse á disposición do público durante o mesmo prazo. Durante o prazo de información pública indicado, iniciarase a tramitación da avaliación ambiental estratéxica dos plans, de acordo coas normas vixentes aplicables ao mencionado procedemento

5. Os documentos postos á disposición do público estarán accesibles en papel nas oficinas de Augas de Galicia e en formato dixital na súa páxina web, e as observacións recibidas serán recollidas nun informe que constará como anexo aos plans.

6. Augas de Galicia elaborará un informe en relación coas propostas recibidas nos trámites indicados nas alíneas anteriores e, tendo en conta a memoria ambiental derivada do proceso de avaliación ambiental do plan, formulará unha proposta definitiva de proxecto dos plans xerais galegos de abastecemento e saneamento, que será sometida á aprobación do Consello Reitor de Augas de Galicia.

7. Finalmente, o Consello Reitor de Augas de Galicia elevará a proposta ao Consello da Xunta, a través da consellería competente en materia de augas, para que sexa aprobada mediante acordo, que será publicado no *Diario Oficial de Galicia*.



CAPÍTULO IV

O Plan de seca e os plans de xestión do risco de inundaciónsArtigo 18. *O Plan de seca*

1. No ámbito da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, corresponde a Augas de Galicia a elaboración do Plan de seca a que se refire o artigo 27 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional.

2. O Plan de seca será sometido á información pública, á audiencia das partes afectadas e ao informe do Consello para o Uso Sustentable da Auga nos termos indicados no número 4 do artigo anterior.

3. Augas de Galicia elaborará un informe en relación coas propostas recibidas nos trámites indicados no número anterior e formulará unha proposta definitiva de proxecto do Plan de seca, que será sometida á aprobación do Consello Reitor de Augas de Galicia.

4. Finalmente, a persoa titular da presidencia do Consello Reitor de Augas de Galicia elevará a proposta ao Consello da Xunta, a través da consellería competente en materia de augas, para que sexa aprobada mediante acordo, que será publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

5. O Plan de seca activarase cando Augas de Galicia, de acordo cos resultados dos indicadores a que se refire o artigo 6.a.7. deste regulamento, declare formalmente a existencia de situacións de alerta ou de eventual seca.

6. Corresponderá tamén a Augas de Galicia a coordinación, mediante a emisión de informe preceptivo, dos plans de emerxencia das administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento urbano que sirvan, de maneira singular ou mancomunadamente, a unha poboación igual ou superior a vinte mil habitantes.

Artigo 19. *Utilización do dominio público hidráulico en situacións extraordinarias*

En circunstancias de seca extraordinaria, de sobreexplotación grave de acuíferos ou en estados semellantes de necesidade, urxencia ou concorrencia de situacións anómalas ou excepcionais no ámbito territorial a que se refire o artigo 6.1.a) da Lei 9/2010, do 4 de



novembro, de augas de Galicia, o Consello da Xunta, mediante decreto e oída a entidade Augas de Galicia, poderá adoptar, para a superación das mencionadas situacións, as medidas que sexan precisas en relación coa utilización do dominio público hidráulico, aínda cando fose obxecto de concesión ou autorización previa.

A aprobación desas medidas levará implícita a declaración de utilidade pública das obras, sondaxes e estudos necesarios para desenvolverlos, para os efectos da ocupación temporal e expropiación forzosa de bens e dereitos, así como a de urxente necesidade da ocupación.

Artigo 20. *Os plans de xestión do risco de inundacións*

1. No ámbito da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa corresponde a Augas de Galicia a elaboración, para cada unha das zonas determinadas na avaliación preliminar do risco, dos plans de xestión do risco de inundacións a que se refire o capítulo IV do Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.

2. O plan de xestión do risco de inundacións será sometido á información pública, á audiencia das partes afectadas e ao informe do Consello para o Uso Sustentable da Auga nos termos indicados no número 4 do artigo 17. Simultaneamente, será sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

3. Augas de Galicia elaborará un informe en relación coas propostas recibidas nos trámites indicados no número anterior e formulará unha proposta definitiva de proxecto do plan de xestión do risco de inundacións, que será sometida á aprobación do Consello Reitor de Augas de Galicia.

4. A proposta do proxecto do plan de xestión do risco de inundacións, coa conformidade do Comité de Autoridades Competentes da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, será remitida polo Consello Reitor de Augas de Galicia ao Consello da Xunta a través da consellería competente en materia de augas.

5. Logo da súa aprobación por parte do Consello da Xunta, o plan será remitido ao Goberno do Estado para a súa aprobación final no marco do disposto no ordenamento xurídico aplicable.





ANEXO

**Valoración de danos nos procedementos sancionadores incoados
por verteduras non autorizadas**

1. Vertedura de augas residuais domésticas.

Habitantes equivalentes	< 50 H-EQ	De 50 a 199 H-EQ	De 200 a 499 H-EQ	De 500 a 999 H-EQ	≥ 1.000 H-EQ
Cálculos e valores estimados	500 €	50 H × 400 €/H 20.000 € × 5 % 1.000 €	200 H × 490 €/H 98.000 € × 5 % 4.900 €	500 H × 300 €/H 150.000 € × 5 % 7.500 €	1.000 H × 200 €/H 200.000 € × 5 % 10.000 €

2. Vertedura de augas residuais industriais.

Tratamento preciso	Primario	Físico-químico	Biolóxico
Valores estimados en función do caudal de vertedura	500 – 3.000 €	3.000 – 7.000 €	7.000 – 15.000 €

3. Vertido agrícola-gandeiro.

Número de prazas da explotación	< 50	50 a 99	100 a 199	200 a 374	≥ 375
Cálculos e valores estimados (considerando 80 €/m ³ e 0,5 m ³ /praza/trimestre)	500 €	80 €/m ³ × 0,5 m ³ /praza × 50 prazas 2.000 €	80 €/m ³ × 0,5 m ³ /praza × 100 prazas 4.000 €	80 €/m ³ × 0,5 m ³ /praza × 200 prazas 8.000 €	80 €/m ³ × 0,5 m ³ /praza × 375 prazas 15.000 €

No caso de realizarse verteduras de substancias perigosas ou en zonas sensibles, os valores indicados nas táboas anteriores veranse incrementados nun 30 %.

